



A compensación económica por utilización de vehículo particular en desprazamentos intercampus, está recollida na Resolución da Xerencia de 4 de novembro de 2011, coa indicación daqueles colectivos de persoal aos que é de aplicación, e o cadro de distancias entre os diferentes campus da Coruña, obviándose as distancias entre os Campus de Serantes, Campus de Esteiro e a Clínica Podolóxica, polo que RESOLVO:

Autorizar ao colectivo do persoal informático desta Universidade que preste os seus servizos no campus de Ferrol a que cando, por razón de servizo, utilice o seu vehículo particular sexa indemnizado conforme ao establecido na citada Resolución de 4 de novembro de 2011, nos desprazamentos ao Campus de Serantes e á Clínica Podolóxica. No caso de non poder utilizar vehículo particular poderán pasarse gastos por utilización de servizo de taxi.

A efectos do uso de vehículo particular fíxanse as distancias intercampus, así como á Clínica Podolóxica:

	Campus Esteiro	Campus Serantes	Clínica Podolóxica
Campus Esteiro		4 quilómetros	6 quilómetros
Campus Serantes	4 quilómetros		5 quilómetros
Clínica Podolóxica	6 quilómetros	5 quilómetros	

A Coruña, 8 de xaneiro de 2014

O Xerente,

Asco. Juan Manuel Díaz Villoslada